

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 15027307 | IES Isidro Parga Pondal | Carballo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Música | 4º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 22 |

1. Introducción

Este documento é unha Programación Didáctica elaborada polos profesores do departamento de música do IES Isidro Parga Pondal.

A través do ensino da música, tentaremos acercar ao alumnado a valores como a tolerancia e o respecto, así como á apertura a novas formas de expresión e ao enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades.

Conceptos como autosuperación, autodisciplina, ou xestión e control das propias capacidades, son sempre traballados co alumnado desde este departamento, aproveitando a especial idiosincrasia das materias impartidas.

A metodoloxía utilizada esta baseada sempre nunha visión do ensino dun xeito activo, dende a práctica musical dos alumnos, pero tamén terán gran importancia as audicións de música, tanto gravada como en vivo, cando sexa posible. Dentro de cada unidade intentarase potenciar ao máximo a ESCOITA ACTIVA, como parte fundamental do desenvolvemento das capacidades perceptivas dos alumnos e, cando o traballo e o ambiente na aula o permitan, usarase tamén a ESCOITA PASIVA, posto que consideramos que, por unha banda axuda a lograr na aula un ambiente de traballo e concentración en determinados momentos, e, por outra, "forma" o oído.

O programa trata de recoller os gustos musicais do alumnado, trata de partir deles, pero de ningún xeito se somete a eles. En todo momento intentarase que os alumnos desenvolvan un espírito crítico que lles permita elixir ceibes (dende o coñecemento) a música que desexan facer, escoitar ou consumir.

A secuencia de contidos está pensada para que determinadas unidades (as dedicadas ao Nadal, ao Entroido e ao verán) se desenvolvan xusto nas clases anteriores a esas datas, entroncando co substrato de músicas máis ou menos populares ligadas a elas.

Ao longo de todo o curso usarase o folclore musical galego. Será sempre un elemento básico na aprendizaxe da linguaxe musical e das habilidades vocais e instrumentais e unha escusa constante para reflexionar, individualmente e en grupo, acerca do estado da nosa música e da nosa cultura.

Para poder "construír" os seus coñecementos os alumnos teñen que ser parte activa na aula. Se isto é certo en calquera materia, o é máis, se cabe, na área de música. A participación activa na execución musical cos instrumentos da aula e fundamental para que os alumnos desenvolvan as súas capacidades expresivas e para que aprendan a respectar e valorar o traballo dos seus compañeiros.

As capacidades perceptivas cultivaranse coa audición musical e coa participación nas clases. Os alumnos terán que aprender a oír e a valorar a produción musical dos seus compañeiros e, coa mesma importancia, a oír e a valorar a súa propia produción musical. Aprender a oír aos demais é fundamental para poder dar e recibir información. Aprender a ouvirse a un mesmo, capacidade que traballamos directa e intensamente nesta área, parécenos fundamental para elaborar unha autoimaxe axeitada e unha autoestima adecuada.

Posto que a música e unha actividade eminentemente gregaria adoptaremos como principio metodolóxico fundamental o traballo en grupos. Os grupos organizaranse nas primeiras sesións e intentarase que sexan estables ao longo de todo o curso (a menos que haxa circunstancias que o desaconsellen). Buscarase sempre un equilibrio entre o traballo individual (o solista), o do pequeno grupo (o grupo de cámara) e o gran grupo (o conxunto coral ou orquestral).

Cultivarase sempre o espírito crítico e intentarase poñer a cada alumno nunha disposición tal que lle permita facerse responsable da súa propia aprendizaxe, tratando de partir sempre do que o alumno xa sabe e dos seus propios intereses vitais.

CONTEXTO

ENTORNO

O Instituto de Educación Secundaria Isidro Parga Pondal, atópase en Carballo, concello da provincia da Coruña. Este é un concello situado a uns 35 Km de a Coruña, con aproximadamente 31.000 habitantes. En Carballo hai outros dous IES, onde o alumnado pode cursar, ademais da ESO e do Bacharelato, diferentes ciclos formativos tanto de ensino medio como superior.

Ademais conta cun conservatorio profesional de música, unha Sección da Escola oficial de idiomas, e Biblioteca pública para a formación do alumnado. O entorno universitario máis próximo está na Coruña ou en Santiago de Compostela.

CENTRO

A oferta formativa deste centro consiste na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Educación Secundaria para Adultos (E.S.A), Bacharelato para Adultos, Programas de Reforzo Orientación e Apoio (P.R.O.A), Ensinanza básica inicial, Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CS/ASIR) e Formación aberta on-line (aula Mentor)

A aula de música atópase na segunda planta do centro. Na aula hai ordenador, canón, e tres pizarras: unha clásica e dúas pautadas.

A aula está medianamente, aínda que non o suficientemente insonorizada.

Está moi ben dotada de material instrumental, comprado coa asignación do departamento para completar a dotación inicial. Isto facilita todos os anos a consecución dos obxectivos da programación.

Bótase en falta, aínda así, un aula máis espaciosa para poder desenvolver todos os contidos, xa que, frecuentemente é necesario utilizar outros espazos do instituto coa conseguinte molestia para todos.

ALUMNADO

As diferentes materias impartidas polo departamento e o alumnado son os seguintes:

Na materia de Música temos 4 grupos en 2º ESO, 4 grupos en 3º ESO, 2 grupos en 4º ESO e 1 grupo en 1º BACH.

Na materia de Proxecto Competencial temos 4 grupos en 1º ESO, 3 grupos en 2º ESO e 2 grupos en 3º ESO.

Dende fai oito anos, impartíase neste centro escolar “Introdución a linguaxe musical” en 1º ESO, mais dende o curso escolar, 2022-2023, perdemos as 5 horas que tiñamos con esta materia, por mor da nova lei educativa implantada xa nos cursos impares.

Para intentar paliar esta situación, escollemos dende o curso pasado os proxectos competenciais en 1º ESO, 2º ESO e 3º ESO. En todos eles imos preparar un festival, ademais de traballar a atención, memoria, concentración e aprender a falar en público.

Deste xeito, non só perdemos as horas senón que o alumnado terá máis dificultade na disciplina de música en 2º ESO, xa que perde ese curso ponte entre primaria e secundaria.

Por un erro dos organismos oficiais na asignación do profesorado, levamos catro anos loitando pola sección bilingüe. Este curso escolar 2023-2024, volvemos perdela, o que implica perda de horas no departamento, pais e alumnado decepcionado porque xa había grupos, e detrimento, polo tanto, da calidade do sistema educativo.

Este ano escolar recuperamos un grupo na materia “Linguaxe da práctica instrumental” en 1º Bacharelato, seguimos mantendo dous grupos na optativa de Música en 4º ESO e perdemos o grupo que tiñamos na materia optativa de “Historia da música e danza” en 2º Bacharelato pola falta de alumnado, xa que en 1º BACH., o pasado curso escolar non houbo discentes nesta disciplina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal. | 2-3 | 3 | | 1-2 | 3 | 1 | | 1-2 |
| OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 3 | 3 |
| OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 1 | 3 |
| OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | 1 | | 3 | 2 | 3 | 1 | 1-3 | 3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|----|----|-------|
| OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización. | 1-2 | 2-3 | | 1 | 1-3 | 1 | 3 | 1-2-3 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Linguaxe musical e introducción á harmonía | Nesta unidade faremos un repaso dos elementos da representación gráfica da música, traballaremos a tonalidade: círculo de quintas, modulación, intervalos, acordes, graos das escalas adiatónicas, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias; tamén profundizaremos no coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración), así coma os elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. Tamén abordaremos a lectura rítmica e melódica e a escritura musical e ademáis, o uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma | 20 | 28 | X | X | X |
| 2 | A tocar!! | Interpretación co instrumental Orff e con percusión corporal de composicións de distintos xéneros, estilos, épocas e culturas musicais. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao | 50 | 49 | X | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | A tocar!! | <p>conxunto, empaste, normas na interpretación grupal, lectura partituras. O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe</p> <p>Xestión e control de emocións, ansiedade, medo escénico.</p> <p>Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.</p> <p>Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación</p> | 50 | 49 | X | X | X |
| 3 | A música noutros contextos musicais e culturais | <p>Nesta unidade abordaremos a música popular urbana: a música pop e rock. Tamén a música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria e análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</p> | 10 | 18 | X | X | X |
| 4 | Todos a escena!! | <p>Esta unidade é transversal a todo o curso. A súa función é a interpretación dun espectáculo musical ou escénico en público, de concertos do alumnado.</p> <p>Hai que ter presente que a preparación dun repertorio en formación orquestral ou vocal esixe moita dedicación, e aínda máis se engadimos a montaxe escénica e audiovisual.</p> <p>O obxectivo é dar a oportunidade ao alumnado de sentirse músico e artista, creando un espectáculo musical escénico coas achegas dos integrantes do grupo, co uso das tecnoloxías e a través do repertorio estudado ao longo do curso.</p> | 20 | 10 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | Linguaxe musical e introducción á harmonía | 28 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego. | Identificar os elementos propios da linguaxe musical | PE | 38 |
| CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva. | Elaborar pequenas melodías | | |
| CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición. | Analizar os elementos da linguaxe musical traballados de pequenos fragmentos musicais | | |
| CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais. | Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais | | |
| CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza. | Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais de diferentes épocas e culturas | TI | 62 |
| CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información. | Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Participar de forma activa nas interpretacións grupais. Traballar todos os aspectos que son inherentes aos ensaios, memoria, atención, respetar as indicacións... | | |
| CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Valorar o traballo e aprendizaxe nos ensaios: estratexias de memorización, de escoita.. | | |
| CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións | | |
| CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega. | Interpretar a través do corpo ou dos instrumentos, en formación orquestral diferentes pezas musicais | | |
| CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente. | Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestiario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos |

Contidos

- musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | A tocar!! | 49 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas. | Analizar obras ou fragmentos, musicais de diferentes épocas e culturas, identificando os seus aspectos técnicos. Valorar actitude de apertura, interese e respecto na escoita | PE | 30 |
| CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego. | Identificar os elementos propios da linguaxe musical | | |
| CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición. | Analizar os elementos da linguaxe musical traballados de pequenos fragmentos musicais | | |
| CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente. | Coñecer, valorar e reflexionar sobre todo tipo de manifestacións musicais :a música pop. a música no cine, na publicidade, nos videoxogos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita. | Analizar os contextos da polución sonora e o consumo indiscriminado de música, e valorar os seus efectos | TI | 70 |
| CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan. | Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo identificando os trazos estilísticos que os caracterizan. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Participar de forma activa nas interpretacións grupais. Traballar todos os aspectos que son inherentes aos ensaios, memoria, atención, respectar as indicacións... | | |
| CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | | |
| CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais. | Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais | | |
| CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións | | |
| CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega. | Interpretar a través do corpo ou dos instrumentos en formación orquestral de diferentes pezas musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. |

Contidos

- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 3 | A música noutros contextos musicais e culturais | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas. | Analizar obras ou fragmentos, musicais de diferentes épocas e culturas, identificando os seus aspectos técnicos. Valorar actitude de apertura, interese e respecto na escoita | PE | 28 |
| CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego. | Identificar os elementos propios da linguaxe musical | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva. | Elaborar pequenas melodías | | |
| CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición. | Analizar os elementos da linguaxe musical traballados de pequenos fragmentos musicais | | |
| CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente. | Coñecer, valorar e reflexionar sobre todo tipo de manifestacións musicais :a música pop. a música no cine, na publicidade, nos videoxogos | | |
| CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita. | Analizar os contextos da polución sonora e o consumo indiscriminado de música, e valorar os seus efectos | | |
| CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan. | Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo identificando os trazos estilísticos que os caracterizan. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Participar de forma activa nas interpretacións grupais. Traballar todos os aspectos que son inherentes aos ensaios, memoria, atención, respectar as indicacións... | | |
| CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | TI | 72 |
| CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | | |
| CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais. | Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións | | |
| CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega. | Interpretar a través do corpo ou dos instrumentos en formación orquestral de diferentes pezas musicais | | |
| CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto. | Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. |

Contidos

- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 4 | Todos a escena!! | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan. | Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo identificando os trazos estilísticos que os caracterizan. | | |
| CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Valorar o traballo e aprendizaxe nos ensaios: estratexias de memorización, de escoita.. | TI | 100 |
| CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais. | Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais | | |
| CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións | | |
| CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega. | Interpretar a través do corpo ou dos instrumentos en formación orquestral de diferentes pezas musicais | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos

coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a acitute analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Instrumentos dotación aula |
| Aula virtual |
| Programas de edición de partituras |
| Programas de edición de audio |
| Material teórico elaborado polo profesorado de departamento de música |

Instrumentos da aula: orquestra Orff cromática, batería, piano eléctrico, guitarra, pequena percusión, etc

Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio (Musecore, Finale e Audacity)

Material teórico elaborado polo profesorado de departamento de música

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras. Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas.

3. Proba escrita de análise de partitura. O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 50 | 10 | 20 | 100 |
| Proba escrita | 38 | 30 | 28 | 0 | 25 |
| Táboa de indicadores | 62 | 70 | 72 | 100 | 75 |

Criterios de cualificación:

As ferramentas de avaliación serán:

- Observación directa do traballo de cada alumno nas clases.
- Corrección de cadernos de traballo persoal (exercicios).
- Corrección de traballos encomendados, individuais ou de grupo.
- Haberá un exame práctico e outro teórico dos contidos desenrolados (dous exames por avaliación).

Seguirase un procedemento de avaliación continua de maneira que en cada trimestre realizaranse probas teóricas e prácticas :

- A proba teórica consta de:
 - Exame final trimestral de linguaxe musical
 - Controis escritos e orais en relación a linguaxe musical e outros en referencia a publicidade, música e cine....

- A proba práctica consta de :
 - Interpretación con instrumental Orff dunha partitura.
 - Realización dun ditado rítmico

A cualificación do alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

30% da cualificación das probas feitas na parte teórica: o exame final de linguaxe musical terá un peso do 20% e os controis terán o 20% restante a repartir entre o número de probas realizadas.

50% da cualificación das probas feitas na parte práctica: a nota resultante será a media das dúas probas (interpretación instrumental e ditado rítmico). A cualificación da parte práctica poderá ser, segundo o profesor estime convinte para o mellor desenvolvemento da aprendizaxe e de acordo coas características particulares de cada grupo, unha proba única e individual ou unha media de diferentes probas levadas a cabo polos alumnos ao longo da avaliación

20% restante será o que se desprende doutros criterios que inclúen un comportamento de respecto na aula, participación activa e adecuada en todas as actividades, a realización das tarefas encomendadas para realizar na casa co fin de acadar un resultado exitoso, traer todo o material demandado diariamente, etc...

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter superada a interpretación instrumental e o exame final de linguaxe musical, cunha nota mínima dun 5 en cada unha delas.

Outros aspectos a resaltar dentro da avaliación son:

- En todas as probas poden ser incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores
- O traballo e esforzo do alumno
- A realización dos exercicios diarios propostos polo profesor/a
- Nos exames terase en conta a redacción e as faltas ortográficas para a nota.
- Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio traballado.
- Interpretar instrumentalmente a primeira vista pequenos repentes rítmico melódicos.
- Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.
- O exame é unha nota máis, non a que dará a cualificación final da avaliación.
- Computarase negativamente os seguintes puntos:
 - Non aportar o material que o profesor demande en cada momento (papel pautado, material teórico, partituras.. etc)
 - Non participar de xeito activo nas actividades que se desenvolvan na aula, seguindo en todo momento as indicacións do profesor/a.
 - Non respectar os prazos do sistema de préstamo de instrumentos creado para salvar as dificultades do alumnado nesta parte da materia

A nota final do alumnado que superou positivamente a 3ª avaliación calcularase facendo unha media das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

En caso de suspender algunha avaliación, esta recupérase na seguinte xa que como é continúa sempre entran os contidos anteriores. Se a avaliación non superada é a 3ª, realizarase unha proba final antes de que remate o curso.

No procedemento de avaliación final farase un exame práctico e teórico de todos os contidos prácticos durante o curso escolar. Os porcentaxes aplicados serán:

- 40% da cualificación das probas feitas na parte teórica,
- 60% da cualificación das probas feitas na parte práctica.

Nas probas de recuperación final a nota máxima coa que se poderá facer os porcentaxes é cun seis, aínda que obteñan máis cualificación nas citadas probas.

Para levar a cabo estas porcentaxes é preciso ter un cinco en cada un das probas de examen finais de avaliación, agás no ditado rítmico.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.

3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
 4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
 5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.
- Este curso escolar 2022-2023 contamos cun curso de 3º ESO PDC e outro de 4º ESO PDC, polo que seguindo as indicacións do equipo de orientación, adaptaremos as ferramentas en función das características e necesidades deste alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Creatividade | X | X | X | X |
| ET.3 - Autonomía | X | X | X | X |
| ET.4 - Traballo de equipo | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade entre sexos | X | X | X | X |
| ET.6 - Consumo responsable. Fomento do espírito crítico | X | X | X | X |
| ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores | X | X | X | X |
| ET.8 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X | X |

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traxallo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Concertos musicais | Participación do alumnado na realización de concertos musicais para conmemorar festividades ou datas destacadas coma o Entroido, Nadal... que se levarán acabo no Pazo da Cultura de Carballo. | X | | X |
| VI Semana da música | Actividades musicais de formación para o alumnado e profesorado de música., así como o concerto final por parte do alumnado no Pazo da Cultura de Carballo. Este proxecto foi deseñado dentro do contrato programa: Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia. | | | X |
| Asistencia a concertos | Asistencia á concertos da Orquestra Sinfónica de Galicia en A Coruña e da Filarmonía de Galicia en Santiago | X | X | X |
| Interpretacións musicais en centros da 3ª Idade ou de Primaria en Carballo | Participación do alumnado de música na realización de concertos nos centros educativos de primaria e nos centros para terceira idade de Carballo | | X | X |
| Radio e biblioteca do IES Isidro Parga Pondal | Colaboración nas actividades da radio do IES e coa biblioteca. | X | X | X |
| Realización dun festival | Realización dun festival nas instalacións do instituto levado a cabo por tolo o alumnado de proxecto competencial en colaboración co alumnado de música | | | X |
| Viaxe de estudos | Viaxe a Londres/Viena ou outra cidade musical europea dirixido o alumnado de 1º Bach e organizado conxuntamente co departamento de Inglés. | | X | |

Observacións:

Os concertos e actuacións musicais escénicas do alumnado poderán realizarse tanto dentro como fóra do Centro.

Os concertos, as charlas e conferencias didácticas impartidas por profesionais da música, da danza, teatro ou da pedagogía musical poderán ser realizadas tanto no propio centro como en salóns ou auditorios, tanto da contorna como de fóra. Estas actividades dependerán da oferta de particulares ou de institucións públicas ou privadas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Ben ou Acadado/ Mal ou Non acadado/Regular ou Mellorable |
| Metodoloxía empregada |
| Ben ou Acadado/ Mal ou Non acadado/Regular ou Mellorable |
| Clima de traballo na aula |
| Ben ou Acadado/ Mal ou Non acadado/Regular ou Mellorable |

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario, ou dunha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: avaliar se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
 - Idoneidade das unidades didácticas propostas: avaliar se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
 - Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
 - Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
 - Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades parécenlles adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores: ben ou acadado, mal ou non acadado, e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior (avaliación do proceso de ensino e práctica docente), valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así, o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento realizarase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados